

PRIMEIRO.- Con data 22/09/2025 publícase no TEO a convocatoria de contratación 2025/CP/182 do Centro Mixto de Investigación UDC-Navantia na liña de Trazabilidade (Instalacións do CEMI UDC-Navantia CITIC, Investigador/a contratado/a doutor/a).

SEGUNDO.- Con data 15/10/2025 publícase a proposta de resolución provisional, na que figuran as persoas candidatas seleccionadas por orde decrecente de puntuación concedéndose un prazo de cinco días hábiles para presentar alegacións ante a Comisión.

TERCEIRO.- Con data 24/10/2025 publícase a proposta de resolución definitiva xunto coa acta de puntuacións.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

Téndose cumprido as esixencias e condicións establecidas no Regulamento de contratación de persoal laboral no capítulo 6 para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia de coñecemento, aprobado en Consello de Goberno de 5 de xuño de 2024, e constando motivación necesaria e suficiente na formulación da proposta de resolución definitiva pola Comisión de Selección, compre resolver a presente convocatoria e adjudicar o contrato á persoa seleccionada pola devandita Comisión.

Polo exposto,

RESOLVO adjudicar do contrato en favor de:

Iván Froiz Míguez con documento de identidade ***0787**

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Reitor no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no TEO.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Código Seguro De Verificación	N9ZkON8REGyE6iuZbj3z2A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	24/10/2025 13:59:32
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/N9ZkON8REGyE6iuZbj3z2A%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

